



¿SABEDES CANDO SE ATREVEN OS LOBOS COS HOMES?

Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso case que nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home só pola serra, póñense a traballalo. Teñen moito *instinto*... Xa veredes como o traballan. De primeiro, acompañano; despois, póñenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorregar as pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Chega un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran arames na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba del e esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por estas terras un caso deses. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu para as Américas. Ó cabo de dous ou tres anos ninguén fala del. Un cazador atopa nunha xesteira unha caveira. ¿De que sería?

Anxel Fole

Fai unha listaxe numerada do que ocorre cando un home ou muller atopa un lobo.

En primeiro lugar o que fai o lobo

- 1-
- 2-
- 3-

Despois que lle pasa ao home ...

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.

Segundo o texto, os lobos atacan cando:

Teñen fame

Ven medo

Teñen gañas

En calquera momento

Cada canto tempo desaparece unha persoa?

2 anos

5 anos

20 anos

4 anos

En primeiro lugar onde se coloca o lobo:

Ao lado da persoa

Diante da persoa

Detrás da persoa

Verdadeiro ou falso

Os lobos sempre atacan cando van xuntas 2 ou máis persoas

Os lobos teñen pouco instinto

Os lobos andan polos vales buscando presas

Os lobos andan polas serras

REDACTA UN TEXTO EXPOSITIVO SOBRE O LOBO. Fíxate no exemplo. Non copies e pegues. Comprobareino.

Exemplo

PEGA

É un paxaro moi abundante nos campos galegos, sobre todo por onde hai terras de labor e árbores. É moi fácil de recoñecer polo seu rabo longo e as plumas brancas e negras con irisacións azuis e verdes. Aliméntase de insectos, vermes, miñocas, grans, pebidas, cobras pequenas, ovos de outros animais, etc. Ten un berrar moi típico e cando se xunta unha bandada producen un forte balbordo. Fai o niño de garabullos nas árbores.





O lobo pode ser moi listo. Nos anos 1950 un rapaz de 8 anos andaba coas vacas en Cartelos. O lobo saltou un muro, pillou unha ovella e matouna. Como non podía saltar o muro para levala, cos dentes tirou unhas poucas pedras e despois botou a ovella ao lombo e marchou con ela. O rapaz asistiu á escena

petrificado e sen poder dar unha fala (despois de 60 anos aínda o lembra moi ben). Ao día seguinte toparon os restos da ovella entre uns millos. Uns seis anos despois volveu entrar o lobo no mesmo prado pero el xa era un mozote, colleu un pau e a berros fixo fuxir o lobo sen que matase a ovella.

Para se botar á xente xúntase con outros. Primeiro van acompañando a persoa, sen que os vexan, escóitase como se moven, se un para eles paran. Vanse achegando aos poucos e poñendo nervioso ao humano. Logo empezan a dar voltas arredor del e mesmo a baterlle cos rabos. Fano perder o sentido e finalmente atacan e matan, tapan a persoa con follas e van buscar outros lobos para comela. Non vale subirse a unha árbore que o lobo agarda pola presa toda a noite.

O lobo produce efectos raros no home. Cando o lobo mira unha persoa, aínda que ela non o vexa, empeza a sentir que os pelos se lle poñen de punta, que perde o sentido e perde a fala. Como defenderse? Pois o lobo tenlle medo ao lume, á luz; un foco eléctrico, un fachuco de palla é o mellor para facelo fuxir. Tamén se di que escapa da música, cóntase dun gaitero que foi atacado polo lobo, subiu a un carballo e empezou a tocar a gaita. O lobo desapareceu.